CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñece, identifica e explica as consecuencias sociais da Revolución Industrial, prestando unha atención especial aos nenos e mulleres.		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica e expresa con certa seguridade as consecuencias ambientais da revolución industrial.	TI	30
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Explica con calidade e precisión a transformación da cidade durante a Revolución Industrial.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Realiza con precisión unha liña de tempo do proceso industrializador en Inglaterra.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza con certo grao de seguridade unha síntese das condicións do traballo asalariado durante a Revolución Industrial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Cumprindo coas indicacións especificadas no artigo 11 do Decreto 85/2015, de 25 de xuño, centrado nos principios metodolóxicos establecidos para a etapa de educación secundaria obrigatoria, a metodoloxía atende á esixencia de ter en consideración a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Por outra banda, a metodoloxía proposta é activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Así mesmo, prestarase unha atención personalizada en función das necesidades de alumnos e/ou alumnas que o precisen, activándose mecanismos de reforzo cando se detecten dificultades de aprendizaxe, tanto desde un punto de vista organizativo como curricular.

Seguindo, igualmente, as esixencias recollidas na lei, prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. E ademais, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse tamén dun modo específico a obriga de facelo en todas as materias nesta etapa, ao igual que ocorre coa comprensión de lectura e de uso da información, para o que se dedicara un tempo á lectura na práctica docente.

En canto ás unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible. Xunto a isto, tamén se fomentará o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Por tanto, a metodoloxía que se empregará na aula terá sempre moi presente o obxectivo prioritario de acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, para o que en cada unidade didáctica inclúense actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Seguindo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Anaya (libro adaptado á LOMLOE, editorial do ano 2022). Xeografía e Historia 3º ESO, Anaya BURGOS ALONSO, M. e outros ISBN: 9788467853360
Apuntamentos do docente: Non se lle proporcionará ao alumnado apuntes a maiores.
Blog do docente
Aula Virtual do centro: curso de Xeografía e Historia de 3º ESO.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado: O alumnado terá unha libreta para a materia e deberá ir conservando no cartafol as tarefas e mapas que se van facendo na aula.
Fichas fotocopiáveis
Materiais informáticos: Especialmente para recopilar a información cando se teñan que realizar traballos.
Material audiovisual: Será aportado pola profesora e proxectado na pizarra dixital.
Xogos históricos e de localización xeográfica. De xeito especial, destacar os Kahoot.
Mapas xeográficos e históricos: Mapas mudos e políticos de Europa, América, Asia, África, España e Galicia.
Novelas históricas, novelas gráficas, comics: serán propostos polo profesorado.
Material funxible: Realización de murais, tarxetas e series visuais (resumo dun proceso agrario, industrial, comercial... a través de imaxes).
Prensa: Utilización puntual para o estudo da xeografía económica e demográfica.
Cine ou documentais: Especialmente partes de documentais diversos que serán visualizados polo alumnado en casa e, a través dos que deberán recopilar información.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

De xeito xeral, o alumnado terá que responder a diversas preguntas sobre o tema que teñen que estudar. Recollerá a información do propio libro de texto, pero non deberá copiar literalmente a resposta, senón que se trata de ler, entender e reproducir o contido coas súas propias palabras.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dita libreta será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión. Asemede, o alumnado terá unha carpeta na que irá recopilando os traballos e mapas realizados na aula e/ou casa e que debe estar, en todo momento, a disposición do docente.

Tódolos traballos que serán cualificados serán colgados e entregados a través da Aula Virtual. Esta plataforma permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e perfectamente adaptábeis aos contidos que se están a impartir, asemede, é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

En canto ás TIC serán fundamentais para a búsqueda de información para a realización dos traballos que terán que realizar ao longo do curso insistindo no uso responsable das mesmas.

Por ser as novelas e o cine instrumentos entretidos e cómodos para promover a curiosidade do alumnado, na segunda avaliación se lle presentará unha lista de libros e películas relacionados co temario a estudar neste curso e sobre. De xeito voluntario, o alumnado pode presentar un guión resumo sobre o material lido ou visualizado.

Como resumo da materia estudada nunha avaliación, se desenvolverán xogos relacionados coa Historia e/ou xeografía. De xeito especial, destacar os Kahoot.

Con respecto ao material funxible, o seu uso se reducirá á realización de murais, tarxetas sobre un asunto puntual (características dun transporte, por exemplo) e a realización de procesos económicos ou históricos a través de imaxes, fotografías, debuxos, etc. que fomentarán a súa creatividade e lles axudarán a xestionar o seu traballo e tempo.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

## **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios escritos de diferente índole. Incluiránse preguntas referidas a conceptos artísticos, comprensión de textos e análise de gráficas.

Esta proba inicial non será cualificable, senón informativa para o profesorado.

Así mesmo, iniciarase cada cada Unidade Didáctica cunha tormenta de ideas coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	75	80	80	75	70	75	50	60	60	80
<b>Táboa de indicadores</b>	25	20	20	25	30	25	50	40	40	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>69</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>31</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 22 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 12 U.D. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A avaliación realizarase a través dos seguintes instrumentos:

1- Exames (70% da cualificación). Cando menos, o alumnado fará dous exames por trimestre. A corrección dos exames realizase con rúbrica baseada nos aspectos estudados polo alumnado a través do libro de texto e das explicacións e material utilizados na clase. Os exames estarán cualificados de 0 a 10 puntos. É obrigatorio presentarse a tódalas probas. No caso de faltar a un exame por un motivo xustifico, o alumnado deberá presentar o xustificante emitido pola institución correspondente, o primeiro día da súa incorporación a clase para que o profesor/a lle realice outra proba ese mesmo día (o docente pode retrasala se así o considera conveniente). No caso de faltar por un motivo NON xustifico ou non presentar o xustificante emitido pola institución correspondente, a avaliación constará como suspensa e o alumno deberá presentarse á recuperación. 2- Tarefas e traballos (20% da cualificación). 3- Participación e interese (10% da cualificación).

### PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Partiremos dunha avaliación inicial que se lle pasará ao alumnado un dos primeiros días de clase e que nos indicará o grao de asimilación dos contidos mínimos dos cursos



precedentes, así como o grao de desenvolvemento das súas competencias. Esta proba terá un valor orientativo para a profesora de aula. A partir de aquí, o proceso de avaliación será continuo ata final de curso, dividida en tres trimestres.

→ CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL. Calcularase tendo en conta que as probas escritas poderán alcanzar ata o 70% da cualificación; os traballos e traballos, ata un 20% e a participación e o interese, ata un 10%. Se se realizara máis dun exame, se calcularía a media aritmética entre eles. Dos diferentes traballos, tamén se calculará a media aritmética antes de ponderación. Os traballos e tarefas que son OBRIGATORIOS e que non son entregados polo alumnado, terán unha cualificación de 0 puntos sobre 10. Todos estes traballos obrigatorios non se recollerán fóra do prazo establecido. Considérase un alumno aprobado cando a súa cualificación trimestral sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10 (durante o curso, nada máis que se redondeará a partir de 0.9).

→ CUALIFICACIÓN FINAL. Para calcular a nota final de curso, farase a media PONDERADA entre as notas reais das avaliacións trimestrais (non a que figura no boletín de notas, senón a que se obtiveron como media aritmética dos exames, traballos e interese, en cada trimestre), alcanzadas polo alumnado na avaliación ou na recuperación correspondente. PONDERACIÓN: 1ª Avaliación- 25% da cualificación ordinaria. 2ª Avaliación- 35% da cualificación ordinaria. 3ª Avaliación- 40% da cualificación ordinaria. No caso de ter que presentarse a unha recuperación trimestral ou final, a nota que acada o alumnado na última proba será a que se teña en conta para calcular a ponderación. Se non se presentase á recuperación final, a súa cualificación sería un 0. Únicamente aplicarase o redondeo cando a nota acadada polo alumno sexa superior ao 4.5 puntos sobre 10 na cualificación de final de curso.

Para superar a materia é necesario que o alumnado posúa nas tres avaliacións das que consta o curso ou na recuperación correspondente, unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

#### PROCEDIMENTO PARA SUBIR NOTA

O alumno que desexe subir a nota final terá que ter tódalas avaliacións aprobadas e presentarse a unha proba final de toda a materia do curso ou traballo (a decidir polo profesor/a). No caso de que o alumno se presente ao exame final de curso para subir nota, nada máis que podería alcanzar ata 1 sobre 10 que se sumaría á media ponderada das tres avaliacións, antes de facer o redondeo.

#### **Criterios de recuperación:**

RECUPERACIÓN TRIMESTRAL E FINAL. Se algún alumno/a no alcanzase a nota mínima para superar unha avaliación, deberá realizar as tarefas de reforzo indicadas polo/a docente e presentarse a unha proba de recuperación que será fixada, en consenso entre alumnado e o profesorado, e terá lugar antes da avaliación seguinte. No caso de suspender soamente a 3ª avaliación, a recuperación coincidirá coa proba de recuperación final. Se o alumno suspenso non se presentase ou xustificase debidamente a súa ausencia ao exame de recuperación, tería que realizar as tarefas de recuperación e reforzo e presentarse a proba de recuperación final.



Unha vez realizada a recuperación parcial trimestral, no caso de non superala, o alumnado terá unha nova oportunidade na recuperación final de curso (farase unha recuperación por cada avaliación). No caso de superar a recuperación trimestral, a nota deste exame fará media ponderada coa cualificación das outras avaliacións para calcular a nota final de curso.

Todo alumno que teña unha avaliación suspensa ten a obriga de presentarse á recuperación final, xa que para ponderar a nota é necesario que en cada unha das avaliacións teña unha nota mínima de 5 puntos sobre 10, independentemente das cualificacións obtidas nas outras avaliacións.

No caso de que un alumno que teña algunha avaliación suspensa non se presentase á proba de recuperación final, a cualificación desa parte sería 0 puntos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación. **Segundo a Resolución do 26 de maio de 2022. Disposición transitoria segunda.** O alumnado que teña a materia pendente de 2º ESO, poderá recuperala durante o curso 2023-2024 co currículo da materia que se extingue. De non superala durante este curso, a partir do curso 2024-2025 terá que facelo a partir do novo currículo e nas condicións que se determine.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol. O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

**CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL.** Todo alumnado coa materia/s pendente/s dun curso anterior deberá realizar e entregar un cartafol de actividades e facer un exame en cada un dos trimestres do curso. O cartafol suporá o 40% da súa cualificación trimestral e o exame, o 60% da mesma.

De non superar unha das tres avaliacións, o alumnado deberá presentarse á recuperación final. Neste caso, á cualificación do exame se lle sumaría a cualificación do cartafol de dita avaliación, de telo entregado.

Se un alumno suspendera 2 ou 3 avaliacións, terá que examinarse de toda a materia na recuperación final.

**CUALIFICACIÓN FINAL.** Para superar a materia a final de curso, o alumnado deberá ter aprobados as tres avaliacións ou as súas recuperacións correspondentes. A nota final será o resultado de realizar a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. Aplicarase o redondeo cando a nota acadada polo alumno sexa superior ao 4.5 puntos sobre 10. En canto á asistencia aos exames, aplicaranse os mesmos criterios recollidos na programación de curso no que está matriculado o alumno/a.

O alumno/a deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta a efectos de promoción e/ou titulación.

En ningún caso, por tratarse de contidos diferentes, a superación da materia de Xeografía e Historia do curso no que está matriculado o alumno/a, suporá a superación automática da materia do curso anterior.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para

evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X		X			X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X		X		X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade.		X		X			X	X
ET.4 - Emprendemento.			X		X	X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz		X					X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X			X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental.				
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X		
ET.4 - Emprendemento.				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.				
ET.7 - Educación para a paz		X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria- Está prevista unha visita ao Museo Anfaco de Vigo ou Museo Massó de Bueu.			X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
PROCESO ENSINO: 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
3. Valora o esforzo.
6. Cúmprense a distribución de temas e actividades programada a principio de curso.
9. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
14. Entre 0 e 10 canto consideras que aprendiches durante este curso na materia de Xeografía e Historia?
Metodoloxía empregada
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
INDICADORES DA PRÁCTICA DOCENTE: 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
7. Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
10. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
2. Combínase o traballo individual e en equipo.
4. Cumpriu co horario de clase.
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8.Os contidos e actividades da materia resultan interesantes.

Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Creouse na clase un ambiente adecuado de traballo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Outros
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

Para avaliar o proceso do ensino (os indicadores de logro recóllense na parte superior deste apartado) para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala 1- MOI ADECUADO/ 2- ADECUADO/ 3- POUCO ADECUADO/ NADA ADECUADO. 0. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio dunha enquisa que conteña unha escala de valoración e que xiran entorn a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se dará conta nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**